



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN IMPARTIDA POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE PERTENCENTES Á FAMILIA PROFESIONAL DE INDUSTRIAS EXTRACTIVAS.**

En Santiago de Compostela, a 30 de xullo de 2021

COMPARECEN

Por unha banda,

Dona M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza, conselleira de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG núm. 181 do 7/09/2020) actuando en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de acordo co artigo 7 do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG. Núm. 190 de 18 de setembro de 2020) e polo Decreto 215/2020 do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, no artigo 44.b) atribúese á Dirección Xeral de Formación e Colocación as competencias relativas, entre outras, a dirección e xestión das funcións atribuídas á consellería en materia de formación profesional para o emprego.

E pola outra,

Dona María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.

Don Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación de Pontevedra, en exercicio da súa función de fe pública, de acordo co disposto no artigo 3.2.i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Actúan as partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio e:

**EXPOÑEN:**

**PRIMEIRO**

A Dirección Xeral de Formación e Colocación, dependente da Consellería de Emprego e Igualdade, ten competencias, segundo o establecido polo Decreto 215/2020 do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, no artigo 44.b) atribúese á Dirección Xeral de Formación e Colocación as competencias relativas, entre outras, a dirección e xestión das funcións atribuídas á consellería en materia de formación profesional para o emprego.

A Orde TMS/368/2019, de 28 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 694/2017, de 3 de xullo, que á súa vez desenvolve a Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se regula o sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, en relación coa oferta



formativa das administracións competentes e a súa financiación, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas a o seu financiamento, sinala, que a formación financiada con fondos públicos destinada á obtención de certificados de profesionalidade que permitan o acceso á formación dos ditos certificados, prevista na Lei 30/2015, do 9 de setembro, e no Real decreto 694/2017, do 3 de xullo. Seralles de aplicación as normas sobre: autorización, seguimento, control, avaliación e acreditación que establece o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

A industria galega do granito é a segunda máis importante de Europa, soamente por detrás de Italia, e a quinta a nivel mundial, por detrás de China, India, Brasil e Italia. O sector utilizou unha estratexia de expansión hacia mercados exteriores para facer fronte á crise da construción española por mor da crise económica, unha expansión que segue crescendo ano tras ano.

As exportacións crecen tanto en granito ornamental en bruto como elaborado, en gran medida grazas a esa reorientación das empresas graniteiras galegas hacia novos mercados. O granito da área do Porriño concentra unha elevada porcentaxe das vendas ao estranxeiro, que converte Galicia na rexión líder nacional do sector da pedra natural, e un dos motores fundamentais da economía galega.

A industria do granito xorde en Galicia como unha extracción de bloques de pedra destinados á exportación e a un restrinxido mercado nacional. Pero, durante os anos oitenta, polo emerxente negocio da transformación, os empresarios galegos comezan a incorporar no seu proceso productivo a transformación do granito, o que permite multiplicar por 10 o valor do material en bruto. Desta forma fomentouse a creación dun emprego máis técnicamente especializado, tanto para mellorar as técnicas de extracción do granito, como para o tratamento posterior da pedra.

O sector industrial do granito empregou, tanto de maneira directa coma indirecta, a moitas persoas en Galicia, polo que o desenvolvemento da industria contribuíu á transformación do sector, sendo fundamental para aumentar a súa capacidade para achegar un valor engadido ao produto final.

Na actualidade, o granito xa non só sae das canteiras galegas, senón que tamén trátase a pedra importada doutros países, que se prepara en Galicia para utilizala como material de construción en todo o mundo. A presenza do granito galego en numerosos edificios e construcións das cidades máis importantes do mundo corrobora a importancia desta industria a nivel mundial, a cal experimentou un forte impulso nos últimos anos.

A industria do granito en Galicia disfruta dunhas boas expectativas de futuro, xa que as reservas desta materia prima son abundantes, de gran calidade, conta cunha man de obra experimentada e altamente cualificada e unha potente capacidade de expansión e de transformación.

Galicia, grazas á súa riqueza xeolóxica, dispón dos maiores xacementos de pedras ornamentais de España, polo que é capaz de abastecer aos grandes mercados mundiais.

A Escola de Cantería, pertencente á Deputación de Pontevedra, ten como finalidade conservar e promocionar un dos oficios máis antigos e nobres de Galicia, o da cantería, para ensinar a arte de traballar a pedra. A dita escola desenvolve as súas actividades como centro de formación de traballo artesanal en pedra, no que se combinan ensinanzas teóricas e prácticas.



Os traballos do alumnado e do profesorado van deixando unha pegada no patrimonio arquitectónico popular de Galicia por todo o mundo.

A Escola, recentemente foi acreditada pola Xunta de Galicia coma centro colaborador para impartir formación profesional para o emprego, e está homologada nas seguintes especialidades formativas "OBRAS DE ARTESANÍA E RESTAURACIÓN EN PEDRA NATURAL (IEXD0209)", "ELABORACION DA PEDRA NATURAL (IEXD0108)", "OPERACIONES AUXILIARES EN PLANTAS DE ELABORACIÓN DE PEDRA NATURAL E DE TRATAMIENTO E BENEFICIO DE MINERAIS E ROCAS (IEXD0308)", "COLOCACIÓN DE PEDRA NATURAL (IEXD0409)" e "DESENVOLVEMENTO E SUPERVISIÓN DE OBRAS DE RESTAURACIÓN EN PEDRA NATURAL (IEXD0309)".

A Deputación de Pontevedra, consciente da demanda de traballo existente no sector, pretende formar a futuros profesionais, mediante a realización dos certificados de profesionalidade mencionados con anterioridade, no que o alumnado obterá as competencias profesionais correspondentes de cada especialidade. As ditas accións formativas están orientadas á persoas demandantes de emprego, co fin de fomentar tamén a empregabilidade mediante o seu acceso á formación para o emprego.

Esta iniciativa establécese para a provincia de Pontevedra e desenvolverá as seguintes accións formativas.



ACCIÓNS FORMATIVAS				
Código	Nome	Nº de edicións	Nivel	Alumnado total
IEXD0209	OBRAS DE ARTESANÍA E RESTAURACIÓN EN PEDRA NATURAL	1	2	15
IEXD0108	ELABORACION DA PEDRA NATURAL	1	2	15
IEXD0308	OPERACIONES AUXILIARES EN PLANTAS DE ELABORACIÓN DE PEDRA NATURAL E DE TRATAMIENTO E BENEFICIO DE MINERAIS E ROCAS	1	1	15
IEXD0409	COLOCACIÓN DE PEDRA NATURAL	1	2	15
IEXD0309	DESENVOLVEMENTO E SUPERVISIÓN DE OBRAS DE RESTAURACIÓN EN PEDRA NATURAL	1	3	15

**SEGUNDO**

Entre as competencias que en materia laboral lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, consonte o establecido no artigo 29.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, está a promoción do emprego e a formación profesional para o emprego, atribúiselle o seu exercicio á Consellería de Emprego e Igualdade, de conformidade co establecido no Decreto 69/1993 de 10 de marzo, de asunción e asignación das funcións e servizos transferidos en materia de formación profesional ocupacional, e no Decreto 215/2020 do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, no artigo 44.b) atribúese á Dirección Xeral de Formación e Colocación as competencias relativas, entre outras,



a dirección e xestión das funcións atribuídas á consellería en materia de formación profesional para o emprego.

Co obxectivo de dar resposta eficaz ás demandas do mercado de traballo na promoción de novas oportunidades de emprego e tendo en conta que se considera a formación profesional como un instrumento básico dentro das políticas activas, é necesario promover unha oferta de formación profesional conducente a potenciar a inserción e reinserción profesional da poboación demandante de emprego, mediante a cualificación, recualificación ou posta ó día das súas competencias profesionais.

**TERCEIRO**

Ambas institucións comparten a crenza de que a mellor e máis prioritaria inversión é o capital humano. No momento actual, cómpre actuar conxuntamente e tomar medidas combinadas que supoñan a optimización dos recursos públicos previstos polas diferentes administracións para dinamizar e dinamizar o mercado e fomentar as cualificacións dos recursos humanos.

Por todo o anterior, e na procura da optimización do uso dos recursos públicos, en concreto, do financiamento proporcionado pola Deputación de Pontevedra, ambas partes consideran de interese a sinatura deste convenio, cos compromisos que a continuación se relacionan.

**ACORDAN**

Sentar as bases, definidas nas cláusulas que a continuación se recollen, para que a formación establecida no punto primeiro deste convenio, impartida pola Deputación de Pontevedra, leve consigo a acreditación correspondente, que en todo caso serán emitidos polo órgano competente da comunidade autónoma de Galicia, logo de cumprir os requisitos previstos para tal fin no presente convenio.

**CLÁUSULAS:**

**PRIMEIRA. OBXECTO**

O obxecto deste convenio é recoller as características e condicións que debe reunir a formación impartida pola Deputación de Pontevedra asociada á adquisición dos certificados de profesionalidade cursados con aproveitamento, para que o alumnado participante nestas, que finalice con avaliación positiva a dita formación, poida acceder á súa expedición por parte da Xunta de Galicia.

A formación impartida realizarase de forma presencial e desenvolverá todas as unidades de aprendizaxe incluídas nos programas formativos da dita materia.

Os medios materiais didácticos, o cadro docente e os locais onde se impartirá a formación, responderán ós requirimentos esixidos na normativa de aplicación e o programa formativo vixente autorizado pola Subdirección Xeral de Políticas Activas de Emprego do SEPE.

**SEGUNDA. OBRIGAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

A Deputación de Pontevedra obrígase mediante este convenio a desenvolver a formación dos certificados de profesionalidade "OBRAS DE ARTESANÍA E RESTAURACIÓN EN PEDRA NATURAL (IEXD0209)", "ELABORACION DA PEDRA NATURAL (IEXD0108)", "OPERACIONES AUXILIARES EN PLANTAS DE ELABORACIÓN DE PEDRA NATURAL E DE TRATAMIENTO E BENEFICIO DE MINERAIS E ROCAS (IEXD0308)", "COLOCACIÓN DE PEDRA NATURAL



(IEXD0409)" e "DESENVOLVEMENTO E SUPERVISIÓN DE OBRAS DE RESTAURACIÓN EN PEDRA NATURAL (IEXD0309)", obxecto deste convenio, cumprindo os requisitos esixidos na normativa referida.

Nomeadamente, comprométese a:

1. Comunicar á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de Pontevedra-Vigo o calendario de desenvolvemento das accións formativas a impartir, o lugar onde se impartirá a formación teórica, o programa formativo en formato normalizado, a duración e os equipamentos necesarios, a relación dos docentes cos seus respectivos currículos. Ao finalizar as accións formativas, comunicará a relación do alumnado que finalizou o curso con avaliación positiva.

Para isto a Deputación de Pontevedra comprométese especificamente a garantir que as empresas que desenvolvan a formación mencionada, estén acreditadas no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Xunta de Galicia e que empregarán a aplicación SIFO (na que rexistrarán o calendario de realización dos cursos, as actas de selección dos candidatos como alumnado dun curso, a relación do alumnado e profesores coa súa asistencia por curso e día), para facilitar a labor de supervisión, coordinación e control polos técnicos da Xefatura Territorial de Pontevedra-Vigo, pertencente á Consellería de Emprego e Igualdade.

2. Preferentemente, seleccionárase ao alumnado a través da oferta da selección directa. Os criterios de selección que se aplicarán serán o cumprimento dos requisitos esixidos no programa formativo e a pertenza a grupos ou colectivos de vulnerabilidade no emprego.

3. Verificar, con anterioridade ao inicio da acción formativa, que o alumnado reúne os requisitos esixidos no programa formativo.

4. Someterse ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Emprego e Igualdade, así como todas aquelas actuacións de avaliación, seguimento e control esixidas polo Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

5. Que todo o persoal docente, participante na formación, reúna as prescricións sobre a formación e experiencia profesional recollidas no programa formativo aprobado polo SEPE e que será comunicado polas empresas de formación que se contraten mediante a aplicación informática SIFO.

6. Avaliar ó alumnado por unidades de aprendizaxe, de forma sistemática e contínua, co obxectivo de comprobar os resultados da aprendizaxe e, en consecuencia, a adquisición dos contidos formativos e competencias, segundo o establecido no programa formativo.

7. Asesorar na tramitación da solicitude dos certificados de profesionalidade a todas as persoas que cumprindo os requisitos de acceso rematen a formación que se imparta con avaliación positiva.

8. Desenvolver a formación aquí recollida con medios económicos procedentes da Deputación de Pontevedra, sen que en ningún caso a Consellería de Emprego e Igualdade adquira ningún compromiso ou responsabilidade económica derivada do desenvolvemento e/ou xestión da mesma.



### TERCEIRA. COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

A Consellería de Emprego e Igualdade obrígase a expedir os correspondentes diplomas acreditativos da especialidade conducente á obtención de certificado de profesionalidade a quen o solicite e demostre ter superado todos os módulos correspondentes ó devandito certificado a través da formación impartida por esta institución correspondentes ás accións formativas recollidas no punto PRIMEIRO deste convenio, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos neste convenio e na normativa reguladora dos certificados de profesionalidade.

En ningún caso a Consellería de Emprego e Igualdade adquirirá ningunha responsabilidade respecto daquelas persoas que puidesen participar na formación se a formación fose impartida sen cumprir os requisitos propios das ditas accións formativas.

### CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constitúese unha comisión paritaria de seguimento deste convenio, formada por: dous representantes da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade, a Presidenta da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue, unha persoa funcionaria da Deputación de Pontevedra designada pola anterior. Esta Comisión exercerá, principalmente, as seguintes funcións:

- Interpretación e resolución de cantas dúbidas ou conflitos se formulen na interpretación do presente convenio e a súa aplicación.
- Vixilancia e seguimento do cumprimento do convenio
- Aqueloutras que para o efecto se lle encomenden.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da súa interpretación, modificación e resolución, serán resoltas pola Consellería de Emprego e Igualdade, poñendo os seus acordos, fin á vía administrativa.

Contra estas resolucións poderán interpoñerse o recurso potestativo de reposición, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común ou directamente recurso contencioso-administrativo, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

### QUINTA. NATUREZA DO CONVENIO

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, e aplicándose: a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; a Orde TMS/369/2019, do 28 de marzo, pola que se regula o rexistro estatal de entidades de formación do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, así como os procesos comúns de acreditación e inscrición das entidades de formación para impartir especialidades formativas incluídas no Catálogo de Especialidades Formativas; a Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 694/2017, de 3 de xullo, que á súa vez desenvolve a Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se regula o sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, en relación coa oferta formativa das administracións competentes e a súa financiación, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas a o seu financiamento; a Orde TMS/283/2019, do 12 de marzo, pola que se regula o Catálogo de Especialidades Formativas no marco do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral; e os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, para resolver as dúbidas e as lagoas que podan presentarse, de acordo co seu artigo 4.



Nas incidencias que poidan xurdir na execución das accións formativas, e que non se resolvan no marco do presente convenio, estarase ao que dispoña a orde vixente pola que se convocan as subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na comunidade autónoma de Galicia.

#### SEXTA. REXISTRO

Este convenio será obxecto de inscrición no rexistro de convenios da Xunta de Galicia, tal e como establece o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así coma no Rexistro correspondente da Deputación de Pontevedra.

Os asinantes do convenio manifiestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

#### SÉTIMA. EXTINCIÓN OU RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causas de extinción ou resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento das súas cláusulas por calquera das partes.
- b) A alteración substancial das condicións que propiciaron a súa celebración.
- c) O mutuo acordo.

En caso de extinción ou resolución do convenio, calquera que fose a súa causa, as actuacións as que vén referido o seu texto, e que no momento da resolución ou extinción se atoparan en curso de realización, continuarán co seu desenvolvemento ata a súa finalización.

#### OITAVA. CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes comprométese a manter estricta confidencialidade respecto de calquera información que lles sexa subministrada en virtude do presente convenio a non ser que por parte das mesmas se autorizase expresamente a súa difusión.

Este compromiso de confidencialidade farase extensible ó tratamento de calquera outros datos e informacións de carácter persoal a que as partes puidesen ter acceso como consecuencia da execución do presente convenio.

Neste sentido as partes comprométese a cumprir adecuadamente e, en todo momento as obrigas derivadas da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 –RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia, respecto do tratamento dos datos persoais facilitados, cuxo prazo de conservación será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento. Os datos poderán ser cedidos a outras administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro. Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).



### NOVENA. VIXENCIA DO CONVENIO

A vixencia do convenio será desde a sinatura ata que finalice o período de execución das accións formativas reguladas no mesmo (31 de decembro de 2022) sempre que non medie denuncia de algunha das partes, formulada de forma fidedigna con dous meses de antelación, ou se dea por rematado en calquera momento por mútuo acordo entre as partes, previa comunicación polo menos cun mes de antelación, ou por causa forza maior.

Baixo os termos referenciados e en proba de conformidade, asinan e rubrican as partes este convenio por duplicado, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

A Conselleira de Emprego e  
Igualdade



M.<sup>a</sup> Jesús Lorenzana  
Somoza

A Presidenta da Deputación  
de Pontevedra

María del Carmen Silva Rego

O Secretario da Deputación de Pontevedra

Carlos Cuadrado Romay